
ÍNDICE

- 1.-ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE**
- 2.-CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN**
- 3.-COMPETENCIAS CLAVE**
- 4.-METODOLOXÍA E ACTIVIDADES TIPO**
- 5.-INFORMACIÓN Á ALUMNOS DURANTE O ESTADO DE ALARMA**

1.-Estándares de aprendizaxe.

1. Fai conxecturas, predicións e recolle información a través da observación e experimentación iniciándose no emprego das TIC e outras fontes directas e indirectas, selecciona a información relevante e a organiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica.
2. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.
3. Participa en actividades individuais e de grupo adoptando un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material.
4. Elabora algúns mapas mentais sinxelos como técnica básica de estudo.
5. Identifica a terminoloxía propia da área.
6. Elabora e recolle información sobre aspectos da súa contorna natural, empregando imaxes, debuxos e outras fontes incluídas as TIC.
7. Describe os elementos básicos da súa contorna máis próxima.
8. Describe as características principais do aire e da auga.
9. Explica, de forma sinxela, a importancia que o uso responsable destes elementos ten na súa contorna máis próxima.
10. Nomea os fenómenos atmosféricos máis habituais no seu espazo próximo e interpreta a simboloxía básica nun mapa do tempo da prensa en papel ou dixital.
11. Realiza observacións, sinxelas recollidas de datos, rexistros e comprobación sobre o tempo atmosférico local.
12. Nomea os elementos presentes no ceo e explica a importancia que o Sol ten para a vida.
13. Relaciona o movemento dos elementos do ceo co cambio do día á noite e o paso do tempo ao longo do día: mañá, tarde e noite.
14. Diferencia entre elementos da paisaxe natural e a construída polo home e identifica algunha das accións humanas máis destacadas da contorna próxima.
15. Identifica algunha medida para a conservación da natureza máis próxima.
16. Identifica as relacións de parentesco, discrimina os roles familiares e contribúe ao reparto equitativo das tarefas domésticas entre os membros da familia.
17. Identifica aos membros da comunidade escolar, describe as tarefas que desenvolven e as respectan.
18. Respecta as normas de convivencia establecidas na familia e na escola.
19. Identifica as partes da casa, as representa nun esbozo e coñece e explica o uso que se fai delas.
20. Identifica diferentes tipos de vivendas e describe oralmente as diferenzas.
21. Cita e valora algunha das festas propias do outono, do inverno, da primavera e do verán que se celebran na contorna escolar e contribúe á súa conservación.
22. Sabe o número de días que ten unha semana e os meses, nomea os meses do ano e diferencia as estacións segundo as súas características.

2.-AVALIACIÓN

Como establece a LOMCE esta será continua, global e integradora e se fará tendo en conta os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliados establecidos no decreto 105/2014.

Terá tres momentos: **inicial** para diagnosticar a situación de partida, **continua** para regular o proceso e **final** para valorar o grao de consecución dos obxectivos.

Criterios de avaliación

1. Realizar traballos de investigación que partan do establecemento de conxecturas, da observación, experimentación e da toma de conciencia dos **erán** mente e **erán** men como medios básicos para obter información, **seleccionala**, **organizala**, **extraer** **erán** ment e **comunicalas** sen esquecer a **erán** mente ao manexo das TIC para este fin e valorando o **erán** m realizado.
2. Traballar en equipo e adoitando un **erán** mente to de respecto e tolerancia ante as achegas alleas.
3. Empregar os mapas mentais como unha técnica básica de estudo.
4. Coñecer e iniciarse no emprego da terminoloxía propia da área.
5. Identificar os elementos principais da contorna partindo do máis próximo a través da observación e uso das TIC.
6. Recoñecer as características básicas do aire e a auga observadas e experimentadas a través dos sentidos.
7. Recoñecer e valorar a importancia que a auga e o aire teñen para a vida e reflexionar sobre a importancia que o uso responsable ten na súa contorna máis próxima.
8. Coñecer os fenómenos atmosféricos, a través das **erán** men corporais, e describir os que xorden con máis frecuencia na súa contorna identificándoos nun mapa do tempo da prensa en papel ou dixital.
9. Realizar **erán** me sinxelas de datos con aparellos cotiás e facer **erán** me rexistros do tempo atmosférico a nivel local. Comprobación co tempo dos xornais.

10. Identificar os elementos que aparecen no ceo e coñecer a importancia que o Sol ten para a vida.
11. Coñecer a importancia que o movemento dos elementos do ceo teñen como indicador do paso do tempo: o día, a noite e as partes do día.
12. Diferenciar entre os elementos naturais e os producidos pola man do home existentes na contorna próxima poñendo exemplos.
13. Valorar a importancia que ten para a vida dos seres vivos o coidado dos elementos da paisaxe máis próxima.
14. Recoñecer as relacións simples de parentesco familiar e os seus roles identificándose, situándose e valorando á pertenza a unha familia con características propias así como contribuíndo ao reparto equitativo das tarefas domésticas entre os seus membros.
15. Coñecer e respectar todos os elementos que conforman a escola.
16. Recoñecer á pertenza a certos grupos e participar neles respectando os principios básicos de convivencia.
17. Identificar as partes da casa e o uso que se fai nelas e diferenciar entre os diferentes tipos de vivendas que forman a súa contorna.
18. Coñecer as características básicas da contorna próxima e diferenciar os conceptos de cidade, vila, aldea.
19. Coñecer os medios de transporte do seu ámbito, as características fundamentais e os clasifica segundo a súa función e uso.
20. Observar e discriminar diferentes elementos viarios que Terán que recoñecer un peón para unha circulación óptima pola rúa.
21. Ser consciente do paso do tempo empregando, como unidades de medida, os días, as semanas, os meses, o ano, as eras e o calendario como instrumento para medir e representar o paso do tempo.

Criterios de cualificación

Segundo os distintos instrumentos de avaliación empregados na aula os resultados obtidos en cada un deles serán un peso determinado na avaliación xeral da Área.

ÁREAS	INSTRUMENTOS y PROCEDIMIENTOS DE EVALUACIÓN	%	INDICADORES
C. Sociais	-REGISTRO DE PEQUEÑAS PRUEBAS ORALES Y ESCRITAS CON CONOCIMIENTOS BÁSICOS DE LA MATERIA.	25%	- Identifica de forma oral el vocabulario básico de cada unidad utilizando mucho apoyo visual. - Completa oraciones con palabras sencillas, seleccionando entre varias opciones y siguiendo un modelo. - Lee palabras y oraciones sencillas relacionándolas con imágenes.
	Observación directa de Trabajo en el aula .	50%	- Plantea y contesta preguntas sencillas. - Participa activamente en el aula utilizando la lengua inglesa. - Interactúa en conversaciones sencillas con ayuda. - Muestra regularidad y constancia en el trabajo diario. - Realiza los ejercicios de clase; fichas, ejercicios, exposiciones, lecturas de forma autónoma. - Realiza pequeños proyectos de aula imitando un modelo dado. - Trabaja con orden y limpieza. - Trabaja en silencio cuando se requiere. - Trabaja activamente en equipo. - Finaliza el trabajo a diario.
	Observación y Registro de Actitud y Comportamiento	25%	- Respeta las intervenciones del resto de sus compañeros/as y del profesor. - Cuida el material de aula y Centro. - Muestra buena disposición hacia las indicaciones del profesor. - Colabora con el grupo y muestra disposición hacia el aprendizaje. - Se esfuerza por participar en las tareas comunicativas del aula. - Muestra interés por el aprendizaje de la materia.

O criterio de cualificación para a terceira Avaliación farase en función das cualificacións das dúas primeiras avaliacións, mellorando cun punto, aqueles alumnos que realicen as actividades propostas de maneira eficaz. En ningún caso, a nota poderá ser inferior dada a situación actual de estado de alarma:

40% -nota da 1º Avaliación

40% - nota da 2º Avaliación

20%- traballo realizado polos alumnos.

Valorando:

- O traballo na casa

3.-COMPETENCIAS CLAVE

Nas Ciencias Sociais intégranse diversas disciplinas que estudan ás persoas como seres sociais e a súa realidade nos seus aspectos xeográficos, sociolóxicos, económicos e históricos. O obxecto das Ciencias Sociais nesta etapa é desenvolver capacidades nos nenos e nenas que lles permitan tanto interpretar a realidade que os rodea coma intervir nela, así como aprender a vivir en sociedade, coñecendo os mecanismos fundamentais da democracia e respectando as regras da vida colectiva.

	CCL	CMCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
Fai conxecturas, predicións e recolle información a través da observación e experimentación iniciándose no emprego das TIC e outras fontes directas e indirectas, selecciona a información relevante e a organiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica.	x	x	x	x			
Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de				x	x	x	

decisións e asume responsabilidades.							
Participa en actividades individuais e de grupo adoptando un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material.				x	x		
Elabora algúns mapas mentais sinxelos como técnica básica de estudo.				x	x		
Identifica a terminoloxía propia da área.	x	x			x		
Elabora e recolle información sobre aspectos da súa contorna natural, empregando imaxes, debuxos e outras fontes incluídas as TIC.		x	x	x			
Describe os elementos básicos da súa contorna máis próxima.	x	x					
Describe as características principais do aire e da auga.	x	x					
Explica, de forma sinxela, a importancia que o uso responsable destes elementos ten na súa contorna máis próxima.	x	x			x		
Nomea os fenómenos atmosféricos máis habituais no seu espazo próximo e interpreta a simboloxía básica nun mapa do tempo da prensa en papel ou dixital.	x	x	x				
Realiza observacións, sinxelas recollidas de datos, rexistros e comprobación sobre o tempo atmosférico local.		x		x			
Nomea os elementos presentes no ceo e explica a importancia que o Sol ten para a vida.	x	x					
Relaciona o movemento dos elementos do ceo co cambio do día á noite e o paso do tempo ao longo do día: mañá, tarde e noite.		x		x			
Diferencia entre elementos da paisaxe natural e a construída polo home e identifica algunha das accións humanas máis destacadas da contorna próxima.		x		x			
Identifica algunha medida para a conservación da natureza máis próxima.		x			x		
Identifica as relacións de parentesco, discrimina os roles familiares e contribúe ao reparto equitativo das tarefas domésticas entre os membros da familia.		x		x	x		
Identifica aos membros da comunidade escolar, describe as tarefas que desenvolven e as respectan.	x	x			x		
Respecta as normas de convivencia establecidas na familia e na escola.					x		

Identifica as partes da casa, as representa nun esbozo e coñece e explica o uso que se fai delas.		x		x			
Identifica diferentes tipos de vivendas e describe oralmente as diferenzas.	x						x
Explica a diferenza entre cidade, vila e aldea e sitúa a súa casa nalgunha delas.	x	x					
Clasifica os diferentes medios de transporte da contorna segundo os seus usos, funcións e características.				x			
Coñece as sinais de tráfico necesarias para camiñar pola rúa correctamente: cores dos semáforos, pasos de peóns ou peoas, etc.				x	x		
Cita e valora algunha das festas propias do outono, do inverno, da primavera e do verán que se celebran na contorna escolar e contribúe á súa conservación.	x				x		x
Localiza e explica, nunha liña do tempo, a evolución e algúns feitos relevantes da súa vida persoal e empregando as unidades de medida do tempo máis básicas..	x			x	x		
Explica oralmente unha árbore xenealóxica sinxela dos membros da súa familia.	x			x	x		
Sabe o número de días que ten unha semana e os meses, nomea os meses do ano e diferencia as estacións segundo as súas características.	x	x					

6.-METODOLOXÍA E ACTIVIDADES TIPO

A área de Ciencias sociais ten como obxecto contribuír ao desenvolvemento persoal e social do alumnado, achegándolle os recursos necesarios para integrarse e participar de forma activa na sociedade na que vive, partindo da comprensión da realidade física, social e histórica máis próxima ata poder comprender o mundo dun xeito máis global. O desenvolvemento persoal e social dos alumnos e alumnas como futuros cidadáns e cidadás implica, por unha banda, coñecer os mecanismos fundamentais da democracia respectando as regras da vida colectiva e, por outra, interactuar coa contorna e o medio velando pola súa conservación ao seren estes bens comúns e compartidos.

A área das Ciencias sociais integra diversos ámbitos de estudo, centrándose en aspectos xeográficos, sociolóxicos, económicos e históricos. A organización de contidos da área por bloques establécese en base a estes ámbitos co fin de facilitar a concreción curricular da área e da etapa. En ningún caso, o desenvolvemento curricular se limitará a seguir esta estrutura, senón que os contidos serán abordados dun xeito global e interdisciplinar.

6.1.-No bloque 1,

Establécense os contidos comúns da área, facendo referencia ás distintas técnicas, estratexias e métodos de traballo que potencian e favorecen a adquisición de aprendizaxes sobre o coñecemento do medio por parte do alumnado. Polo tanto, este bloque constitúe o eixe fundamental para abordar os elementos curriculares dos outros bloques cun enfoque transversal. Supón, ademais, a iniciación no coñecemento científico, non como saber disciplinar senón como un conxunto de procesos, destrezas e actitudes que contribúen a explorar e comprender a realidade. O uso das ferramentas TIC tamén ten especial consideración neste bloque pois se considera recurso fundamental, entre outras fontes, para a busca de información, simulación de procesos e presentación de conclusións referidas ás Ciencias sociais. Por último, neste apartado destaca a importancia que ten o traballo en equipo.

6.2.- O mundo no que vivimos,

Realízase o estudo da xeografía, tanto da contorna próxima, achegando ao alumnado á realidade que coñece, como de contextos máis afastados para fomentar unha visión máis completa. No desenvolvemento deste bloque utilizaranse diferentes tipos de fontes xeográficas de información: textos, cadros e gráficos, esquemas, representacións cartográficas, fotografías e imaxes sintéticas para identificar e localizar obxectos e feitos xeográficos, facendo especial atención no territorio galego e español.

6.3.-Vivir en sociedade.

será posible iniciar un proceso de comprensión das características dos distintos grupos sociais, respectando e valorando as súas diferenzas e ás

persoas integrantes, a produción e reparto dos bens de consumo, sectores de produción, a vida económica dos cidadáns e cidadás, a capacidade emprendedora dos membros da sociedade e a función dinamizadora da actividade empresarial na sociedade, a organización social, política e territorial galega e española e o coñecemento do territorio, institucións e poboación europeas.

- Para a construción e a consolidación das aprendizaxes partírase, en todo momento, dos coñecementos previos do alumnado, do contexto máis próximo e do seu nivel evolutivo, cognitivo e emocional.
- Este proceso implica a secuenciación dos contidos partindo do que eles xa coñecen para así avanzar e ir de aprendizaxes máis simples cara outros máis complexos.
- O alumnado debe ser o protagonista das súas aprendizaxes, a construción das aprendizaxes é persoal e, polo tanto, moi diversa polo que se presentarán propostas de traballo individual e de equipo que posibilitan a resolución conxunta das tarefas e favorezan a inclusión do alumnado
- O persoal docente deberá buscar propostas e estratexias que activen ao alumnado que promovan a curiosidade e a motivación neste, de cara á investigación e resolución de problemas e que lle permitan ser consciente de que el é o responsable das súas aprendizaxes.

Finalmente, cabe engadir que esta Proposta didáctica se fundamenta nos seguintes principios da metodoloxía de ensino-aprendizaxe.

- ✓ **A motivación do alumnado.** A necesidade de que o alumno adopte un papel activo no proceso de ensino-aprendizaxe satisfáise a través dunha proposta que intenta converter o aprendizaxe nunha experiencia motivadora.

- ✓ **O enfoque funcional da lingua.** Desde unha perspectiva funcional e pragmática, abórdase o estudo da lingua tendo como obxectivo facer dos alumnos individuos capaces de comunicarse de maneira adecuada e eficaz cando interactúen cos demais, xa sexa no ámbito familiar, académico ou social.
- ✓ **O rol do alumno.** O éxito da educación radica, en gran medida, en converter o alumno no verdadeiro protagonista da súa propia aprendizaxe, ao mesmo tempo que o docente actúa de facilitador e mediador desta. Para iso, búscase motivar o alumnado con contidos e actividades enmarcados en situacións próximas á súa experiencia, que poñan en evidencia a utilidade das aprendizaxes que este realice
- ✓ **A axeitada selección e secuenciación de contidos.** Pretendemos que exista harmonía entre as metas e os medios que se utilizan para conseguilas.
- ✓ **A aprendizaxe significativa.** A aprendizaxe do alumnado fórmulanse a partir dos coñecementos e das experiencias previas que este xa posúe, para ir construíndo os novos conceptos.
- ✓ **O ensino será activo e centrado no alumno.** Entendido nun dobre sentido: por unha parte como modo de que os alumnos realicen unha aprendizaxe autónoma e, por outra, establécense estratexias que levan a unha actividade en todos os aspectos: manipulativos, motóricos e cognitivos.
- ✓ **O progreso e o reforzo das aprendizaxes.** Os contidos e as actividades aparecerán secuenciados atendendo ao criterio de progresión, coa finalidade de compasar de xeito axeitado o proceso de ensino-aprendizaxe co grao de complexidade dos contidos. Así mesmo introducíronse actividades destinadas a que os alumnos poidan repasar e reforzar as aprendizaxes xa realizadas.
- ✓ **A innovación educativa.** Nos últimos anos, a investigación no campo da didáctica achegou novos enfoques que buscan superar as limitacións do modelo tradicional educativo. A presente

proposta integra varias destas achegas —por exemplo, a teoría das intelixencias múltiples ou as estratexias de aprendizaxe cooperativa—, coa finalidade de enriquecer a experiencia educativa que se desenvolve na aula e mellorar os resultados académicos do alumnado.

- ✓ **A atención á diversidade e aos diferentes estilos de aprendizaxe dos alumnos.** O profesorado contará cun amplo e variado conxunto de materiais e recursos didácticos. Entre estes, cabe destacar, ademais do Libro do alumno e a Proposta didáctica, os murais, os cadernos dos alumnos e o Libro dixital, que inclúe un xerador de avaliación, material para Atención á diversidade e actividades interactivas.

ACTIVIDADES TIPO

Levaremos a cabo diferentes tipos de actividades que poñan en funcionamento capacidades de acción-reflexión dos alumnos por iso as súas características serán:

- Motivadoras, coeducadoras, gratificantes, útiles.
- Cércanas a realidade e características dos alumnos.
- Creativas.
- Actividades individuais e grupais.
- Flexibles na súa realización.

As actividades son de ampliación e reforzo dos contidos que demos ata o de agora. Entre as actividades propostas están:

Reforzo do primeiro e segundo trimestre de **C. Sociais** e webs que permiten repasar as asignaturas a través de xogos ou actividades dixitais.

EDUTECA un canal de youtube, onde repasarán as unidades propostas nestas semanas de:

- O cole

- Paisaxe de costa e interior

-O Planeta Terra

Durante o día poden resolver dúbidas a través do correo proporcionado.

Como titora da clase de 1º A ,todas estas acción están realizadas en coordinación cos demais profesores que imparten outras asignaturas na aula, como Educación artística , Physical education and English.

5.-INFORMACIÓN Á ALUMNOS DURANTE O ESTADO DE ALARMA

A aula de 1ºA, decidíu comunicarse cos seus alumnos a través dunha conta correo Google a través da cal semanalmente envíaselle aos alumnos unha serie de fichas para que poidan traballar durante estes días de confinamento. As fichas farannas 1 de cada asignatura ao día.